



**RESOLUCIÓN POLA QUE SE DESIGNAN OS MEMBROS DO COMITÉ DE SELECCIÓN DE CANDIDATOS A GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO E DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO NOS MUNICIPIOS DE BERGONDO, SADA, OLEIROS, CAMBRE, CULLEREDO, A CORUÑA E ARTEIXO NO PERIODO DE PROGRAMACIÓN DO FONDO EUROPEO MARÍTIMO E DE PESCA (FEMP) 2014-2020 EN GALICIA**

Pola presente Resolución, en base ao establecido no apartado 1 do artigo 12 da *Orde de 6 de abril de 2015 (DOG Núm. 71 do 16 de abril de 2015)* pola que se fai pública a convocatoria de selección de candidatos a grupos de acción local do sector pesqueiro para a elaboración de estratexias de desenvolvemento local participativo no período de programación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020 en Galicia; e de conformidade co establecido na Resolución do 10 de maio de 2016 (DOG Núm. 112 do 14 de xuño de 2016) da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro pola que se convoca un novo proceso de selección de candidatos a grupos de acción local do sector pesqueiro no ámbito territorial dos concellos de Bergondo, Sada, Oleiros, Cambre, Culleredo, A Coruña e Arteixo.

**RESOLVO**

1.- Designar como membros titulares (7) do comité de selección para a análise e valoración de candidatos a GALP no ámbito territorial dos concellos de Bergondo, Sada, Oleiros, Cambre, Culleredo, A Coruña e Arteixo e da súa EDLP, e de conformidade coa proposta formulada pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro a:

- Susana Rodríguez Carballo, directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
- Montserrat Castro Vázquez, subdirectora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
- Esperanza Martínez Bouzas, xefa do Servizo de Desenvolvemento das Zonas de Pesca
- Enrique Diego Fernández Pérez, licenciado en Dereito da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
- Antonio Rodríguez Fernández, subdirector xeral de Pesca e Mercados da Pesca
- Carlos Gómez Martínez, vicesecretario xeral da Consellería do Mar
- Javier Blanco Carballal, subdirector de relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural de Agader

2.- Designar como membros suplentes (7) do comité de selección para a análise e valoración de candidatos a GALP no ámbito territorial dos concellos de Bergondo, Sada, Oleiros, Cambre, Culleredo, A Coruña e Arteixo e da súa EDLP, e de conformidade coa proposta formulada pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro a:


- José Molares Vila, subdirector xeral de Investigación e Apoio Científico-Técnico
- María Luz Lamas Ferreiro, xefa do Servizo de Ensino e Titulacións Náutico-Pesqueiras
- Antonio Chenlo Angueira, xefe do Servizo de Xestión de Proxectos
- Manuel Carrera Casas, xefe da Sección Económica-Administrativa
- Ramón Damián Fernández Conchas, xefe do Servizo de Mercados
- Sonia Romero Doniz, xefa do Servizo Técnico-Xurídico da Consellería do Mar
- José Santés López, xefe de área de seguemento e control de programas da Subdirección de Relacións cos GDRs de AGADER

3.- Designar como presidenta do comité de selección a Susana Rodríguez Carballo, directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

4.-Designar como secretaria do comité de selección, con voz e voto a Esperanza Martínez Bouzas, xefa do Servizo de Desenvolvemento das Zonas de Pesca.

Conforme o apartado 4 do artigo 12 da Orde de 6 de abril de 2015 o funcionamento deste comité estará sometido ás normas dos órganos colexiados recollidas na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Santiago de Compostela, 19 de agosto de 2016

  
Rosa María Quintana Carballo  
Consellera do Mar